

ESTATUTOS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO:

Artigo 1. Coa denominación de **Asociación Galega da Crítica (AGC)** constitúese unha ASOCIACIÓN ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, coa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia desta asociación ten como fins:

1. Reunir persoas dedicadas ao estudo, á crítica e/ou ensaio que contén con obra de reflexión e/ou análise crítica sobre calquera formato textual e artístico ou, en xeral, sobre a realidade cultural galega e/ou internacional en diferentes medios.
2. Fomentar a reflexión sobre o exercicio da crítica en lingua galega.
3. Organizar xornadas e debates da crítica.
4. Fomentar a participación en certames nacionais, estatais e internacionais nos que se vexa concernida a cultura galega.
5. Organizar os Premios da Crítica galega no marco dos Premios de la Crítica Española.
6. Contribuír á divulgación de estudos críticos.
7. Fomentar as relacións internacionais da cultura galega e da crítica exercida sobre ese ámbito
8. Estabelecer con entidades públicas e privadas os convenios precisos para un mellor cumprimento dos fins desta asociación.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades: xornadas, debates, seminarios e reunións científicas. Como consecuencia destas poderán publicarse os seus resultados en diferentes formatos.

Artigo 5. A Asociación establece o seu domicilio social na Facultade de Filoloxía, Avda. Castelao, s/n, 15782, Santiago de Compostela (A Coruña) e o ámbito territorial no que vai realizar principalmente, e non exclusivamente, as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: unha Presidencia, unha Vicepresidencia, unha Secretaría, unha Tesourería e unha vogalía. Estes cargos serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de tres anos.

Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas ou por expiración do mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva, que esgotasen o prazo para o que foron elixidos, continuarán desempeñando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o/a Presidente/a ou a iniciativa da metade dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do/da Presidente/a será de calidade.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para determinadas actividades da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 11. O/A Presidente/a terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia.

Artigo 12. O/A Vicepresidente/a substituirá ao/á Presidente/a na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca el/ela.

Artigo 13. O/a Secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente

administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbeis aos Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 14. O/A Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a.

Artigo 15. Serán competencia das vogalías as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta encomende.

Artigo 16. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os propios membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada ao efecto.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

Artigo 18. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/da Presidente/a, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 19. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria terán de mediar setenta e dúas horas, podendo así mesmo facerse constar se procedese a data e hora na que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a vinte minutos.

Artigo 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen os negativos, non sendo computábeis a estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para

- a) Disolución da entidade.
- b) Modificación de Estatutos.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.

Artigo 21. Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Elixir os membros da Xunta Directiva.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Disolver a asociación.
- f) Modificar os Estatutos.
- g) Dispoñer ou allear os bens
- h) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

Artigo 22. Requiren acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- a) Modificación dos Estatutos.
- b) Disolución da Asociación.

CAPÍTULO IV

SOCIOS/AS

Artigo 23. Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas que mostren interese por asociarse e exerzan, nalgún sentido, a crítica literaria, artística ou cultural.

Artigo 24. Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de socios/as:

- a) Fundadores, que serán aqueles que participen no acto de constitución da Asociación.
- b) De número, que serán os que ingresen despois da constitución da Asociación.
- c) De honra, os que polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, se fagan acredores a tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á Xunta Directiva ou Asemblea Xeral.

Artigo 25. Os/as socios/as causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.

b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixasen de satisfacer tres cotas periódicas.

Artigo 26. Os/as socios/as de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixíbeis para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

Artigo 27. Os/as socios/as fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Aboar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás Asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

Artigo 28. Os/as socios de honra terán as mesmas obrigas cós fundadores e de número a excepción das previstas nos apartados b) e d) do Artigo anterior.

Así mesmo, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do Artigo 26, podendo asistir ás asembleas sen dereito de voto.

Artigo 29. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte dos/as asociados/as ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 30. A Asociación no momento da súa constitución carece de Fondo Social.

Artigo 31. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 32. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto, con arranxo ao disposto no Artigo 20 dos presentes Estatutos.

Artigo 33. En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, a cal unha vez extintas as débedas, e se existise sobranse líquido o destinará para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa (concretamente a unha institución de utilidade pública).

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

En Santiago de Compostela, a 20 de febreiro de 2015

(SINATURAS dos que figuren como outorgantes da Acta Fundacional. No seu caso de ser unha posterior modificación dos estatutos inscritos no Rexistro, asinarán o Presidente e o Secretario da entidade. Deberán asinar tamén nas marxes de cada unha das follas dos Estatutos. Ademais farase constar a data da Asemblea Xeral na que se acordou a modificación estatutaria).

1.- Olivia Rodríguez González,
NIF 50692477V

2. Arturo Casas Vales,
NIF 32426432 C

3. María Xesús Nogueira Pereira
NIF 52472511 N

4. Inmaculada Otero Varela
NIF 76893791F

5. Xosé Manuel Eyré Val
NIF 50299277W

6. Eulalia Agrelo Costas
NIF 52457475 H

7. Isabel Mociño González
NIF 44447042W

8. María del Mar Fernández Vázquez
NIF 4444889 K

9. Ana Acuña Trabazo
NIF 52496280E

10. Ramón Nicolás Rodríguez
NIF 36069559 Q